

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CAFETERÍA NA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Expte. 2016/CA/outubro).**

**1. OBXECTO DO CONTRATO**

É obxecto deste prego o establecemento das condicións que deben rexer a prestación dos servizos de explotación e xestión do servizo de cafetería da estación de autobuses de Santiago de Compostela, situada na Avda. Rodríguez de Viguri.

**2. LOCAL**

2.1 TUSSA entregará ao adxudicatario a cafetería para a explotación do servizo de cafetería na estación de autobuses, coa delimitación que se expón no plano que se xunta ao respecto no anexo II deste prego.

Espazos	
Cafetería (Pranta 0)	Obrigatorio

Os licitadores poderán facer unha visita de inspección das instalacións, avisando con 24 horas de antelación, para comprobar o estado das instalacións e elementos.

2.2 No local cedido, o adxudicatario non poderá desempeñar actividade ou explotación algunha distinta das propias dunha cafetería, sen autorización expresa, escrita e previa ao inicio da actividade, por parte de TUSSA. Esta autorización será, en todo caso, discrecional.

O adxudicatario poderá reducir o espazo utilizado actualmente en función das súas necesidades de explotación, cumprindo, en todo caso, coa normativa vixente.

A superficie non utilizada quedará a disposición de TUSSA para outros usos.

**3. EQUIPAMENTO**

3.1 Ao comezo da explotación faráselle entrega ao adxudicatario do material inventariado propiedade de TUSSA que consta no anexo I deste prego, sobre o cal o adxudicatario non terá dereito distinto do seu uso ordinario e exclusivamente destinado á xestión do servizo durante o período de vixencia do contrato, obrigándose a mantelo en perfecto estado de conservación ao remate del. O equipamento de mobiliario, menaxe de cociña, cubertería, cristalería, vaixela, etc., para prestar os servizos de cafetería, e todo aquel equipamento non relacionado no anexo I que se necesite para a correcta prestación do servizo, deberase achegar polo adxudicatario dentro dos estritos parámetros de calidade.

A entrega dos bens realizarase no estado actual. En caso de non estar en perfecto estado de conservación, a reparación será a cargo do novo adxudicatario.

3.2. O mantemento e actualización, coa súa reposición, se fose precisa, tanto de maquinarias, equipos, mobiliario e menaxe, como dos elementos de decoración e ornamentación de toda clase dos locais, será por conta do adxudicatario.

O adxudicatario verase abrigado a realizar pola súa conta todas as reparacións da superficie destinadas ao servizo de cafetería calquera que sexa a súa causa, así como de todos os equipos técnicos e maquinaria, estando obrigado, ademais, a realizar as revisións periódicas de carácter técnico legal que lle sexan esixidas pola normativa vixente ou a que poida promulgarse no período de vixencia, entregando a correspondente documentación acreditativa á dirección de TUSSA.

3.3. Os gastos de enerxía eléctrica, gas, auga, telefonía, tributos, licencias e demais gastos ocasionados pola explotación do servizo serán por conta do adxudicatario. A instalación eléctrica poderá manterse conectada á instalación da estación de autobuses sempre que se instale un contador separado do resto da instalación. **A enerxía facturarase ao adxudicatario a mes vencido.**

#### 4.- CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.

##### 4.1. Horario:

a) O adxudicatario deberá prestar o servizo de cafetería, durante todo o ano, cun horario mínimo os días laborables (de luns a venres) desde as 7.00 horas ás 22.30 horas de xeito ininterrompido, e desde as 10.00 horas ás 22.30 horas nos domingos e festivos.

Para calquera modificación do horario será precisa a previa autorización expresa da dirección de TUSSA.

##### 4.2. Limpeza:

A limpeza e desinfección, a desinsectación e a desratización das estancias destinadas á prestación do servizo serán por conta do adxudicatario, debendo manter todo en óptimas condicións hixiénicas e sanitarias, sen que sufran dano como consecuencia do uso das máquinas, útiles ou produtos inadecuados que poidan afectar á súa substancia ou aspecto, coa frecuencia determinada pola lexislación vixente. Deberase presentar por escrito a xustificación da realización daquelas actuacións que sexan obrigatorias en base á lexislación vixente.

##### 4.3. Funcionamento:

4.3.1. O adxudicatario queda obrigado a depositar os produtos do lixo no lugar que se dispoña para tal fin, e sempre antes ou despois dos horarios ordinarios de actividade da estación de autobuses.

#### 4.3.2 Follas de reclamacións:

O adxudicatario prestará o servizo contratado con estrita suxeición á normativa vixente en materia hixiénico - sanitaria para os establecementos de hostalaría deste tipo, e deberá ter en todo momento anunciado a existencia de follas de reclamacións a disposición dos usuarios, que, mensualmente e tamén cando fose requirido para iso, lle presentará para o seu exame e control á TUSSA.

Sen prexuízo do anterior, presentaralle inescusablemente as devanditas follas de reclamacións ao representante que designe TUSSA, dentro dos dous días laborables seguintes, contados a partir da presentación de calquera reclamación polos usuarios. O representante de TUSSA realizará o control e seguimento da correcta prestación dos servizos contratados.

4.3.3 A empresa adxudicataria responsabilizarase tanto das condicións hixiénicas e sanitarias dos artigos e produtos que estean á venda como dos produtos e procedementos que sexan aplicados na preparación dos alimentos.

4.3.4 En cumprimento da Lei 42/2010, do 30 de decembro, queda prohibido fumar en todas as dependencias e locais destinados ao servizo de cafetería; deberase facer constancia desta prohibición mediante carteis informativos en lugares visibles da cafetería.

4.3.5 O adxudicatario designará un responsable da execución do servizo, que actuará como encargado, dirixirá o persoal e actuará como interlocutor único co designado por TUSSA.

#### 5. MEDIOS PERSOAIS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO.

5.1. Dentro dos horarios estipulados neste prego, o contratista atenderá o servizo co persoal necesario.

5.3. O persoal que o contratista destine á prestación do servizo deberase someter ás normas sobre salubridade, seguridade e control en vigor.

O adxudicatario presentará certificado de manipulador de alimentos expedido pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia, e as súas oportunas renovacións, de todos os empregados que de forma permanente ou ocasional destine á prestación do servizo.

5.4. O persoal non terá ningunha vinculación con TUSSA, polo que non terá ningún dereito respecto del, xa que dependerá única e exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes respecto do devandito persoal, de acordo coa lexislación vixente e coa que no sucesivo se promulgue, sen que en ningún caso resulte responsable TUSSA das obrigas do contratista respecto dos seus traballadores, aínda cando os despedimentos e as medidas que adopte sexan consecuencia directa ou indirecta do cumprimento e da interpretación deste contrato.

5.5. O adxudicatario queda obrigado a que todo o persoal propio ou alleo que empregue para a execución dos traballos contratados estea afiliado á Seguridade Social, e obrígase así mesmo a cumprir en relación co devandito persoal toda a lexislación laboral vixente. Todos os gastos de carácter social así como os relativos a tributos do referido persoal serán por conta do adxudicatario.

5.6. No desenvolvemento dos traballos, é responsabilidade do contratista que o seu persoal se ataña a toda a normativa de obrigado cumprimento que en cada momento sexa aplicable á actividade que executen, tanto nos seus aspectos técnicos como de seguridade e hixiene.

5.7. o adxudicatario responderá perante os tribunais de xustiza dos accidentes que lle puidesen sobrevir ao seu persoal (sexa propio ou subcontratado), por prestar os seus servizos na estación de autobuses, coa liberación desta de toda responsabilidade ao respecto.

O contratista dotará o referido persoal de todos os medios de seguridade obrigados pola vixente Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais, a súa normativa complementaria e máis daqueles outros que considere necesarios.

5.8. O adxudicatario nomeará un responsable de execución do contrato, que será o interlocutor con TUSSA, con capacidade suficiente para resolver os problemas derivados do funcionamento diario do servizo, e que deberá estar dispoñible durante o horario de funcionamento.

## 6. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.

### 6.1. Concesión de máquinas de vending de produtos de hostalaría.

TUSSA autorizará á empresa adxudicataria, sempre e cando o reflecta na súa oferta ou no caso de que o solicite no prazo de 3 meses desde a sinatura do contrato, á instalación de máquinas de vending na estación de autobuses, e comprométese a non instalar outras máquinas de vending de produtos de hostalaría durante a duración da concesión. No caso de non estar interesado, TUSSA resérvase o dereito a sacar a licitación a explotación das máquinas de vending na estación de autobuses.

TUSSA deberá autorizar a localización das máquinas. Calquera ampliación ou redución do número de máquinas de vending deberá ser autorizada por TUSSA, sempre ata o número máximo que reflecte o Prego.

TUSSA poderá prohibir a exposición e venda dos produtos que estime colisionen cos dereitos de venda doutros establecementos da estación de autobuses, fundamentándollo oportunamente ao adxudicatario.

A empresa concesionaria encargarse de repoñer as máquinas de vending coa periodicidade suficiente para atender o servizo sen provocar prexuízo aos consumidores. Así mesmo encargarse do mantemento e renovación das máquinas en caso de ser necesario.

Establécese un número máximo de 10 máquinas de vending de produtos de hostalaría entre máquinas de café, refrescos, sandwiches, ensaladas e outros produtos semellantes.

#### 6.2. Colocación de sinalética

TUSSA autorizará ao adxudicatario a colocar paneis informativos, ou sinalética da localización da cafetería dentro da estación de autobuses sempre e cando a súa colocación non interfira coa actividade e mobilidade dos usuarios da estación. Os custos da instalación dos dispositivos correrían a cargo do concesionario.

#### 6.3. Paneis informativos

TUSSA dispón de paneis informativos das chegadas e saídas de autocares á estación. TUSSA permitirá ao adxudicatario a instalación dunhas pantallas tipo LED ou semellante con dita información. O custo da instalación e das pantallas así como do mantemento correrá a cargo do adxudicatario.

#### 6.4. Terraza

TUSSA non se oporá a que o adxudicatario tramite as correspondentes licenzas administrativas perante o Concello de Santiago para a colocación dunha terraza nas inmediacións da instalación. O custo das licencias e traballos necesarios correrán a cargo do adxudicatario.

### 7. INVESTIMENTOS MÍNIMOS NECESARIOS

Será obrigación do concesionario obter as licenzas regulamentarias (ao seu cargo), entre elas as de obra, actividade e os distintos informes sectoriais que se precisen. Terá que acometer todas as obras necesarias para acadalas.

O adxudicatario non poderá realizar obra ningunha posterior ás de acondicionamento inicial dos espazos obxecto do contrato sen a autorización expresa do órgano de contratación. En caso de autorización, as obras serán supervisadas por TUSSA, quedando a beneficio desta sen dereito a indemnización.

**ANEXO I: RELACIÓN DE MAQUINARIA, MOBILIARIO E UTENSILIOS DA CAFETERÍA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES**

<b>CAFETERÍA</b>	
Elemento	Unid.
Fregadeiro aceiro baixo barra, 1 seno, 1 grifo	1
Neveira aceiro baixo barra 5 portas corredeiras (2,5 mts. aprox.) Marca Coreco	1
Moble aceiro café (4 caixóns, 1 café) 1 m aprox.	1
Moble aceiro café (6 caixóns, 1 café) 2 m aprox.	1
Mesa aceiro baixo barra escorre vasos 1,5m aprox.	1
Barra de aceiro e cristal	1
Aplique luz de parede	9
Mamparas de cristal e madeira	3
Extintores	1
Soporte TV	1
Cabina telefónica	1
Pasamáns de aceiro	3
Focos halóxenos	64

<b>COCIÑA CAFETERÍA</b>	
Elemento	Unid.
Mesa de apoio aceiro con 3 caixóns	1
Mesa de apoio aceiro con 2 caixóns	1
Prancha aceiro	1
Campana extractora aceiro Rosareiro	1
Fregadeiro aceiro 1 seno, 1 grifo, mesa aceiro (2,5 mts. aprox.)	1

## ANEXO II: PLANO

-Cafetería (Planta 0) [Vermello]

